

GUÍA AMBIENTAL

DA ZONA HÚMIDA DE SISALDE
(ARTEIXO- A CORUÑA)



CONCELLO DE ARTEIXO
MEDIO AMBIENTE
www.arteixo.org

GRUPO NATURALISTA

HÁBITAT

desde 1979 estudando para conservar



hembra adulta
(primavera)

Publicacións Ambientais

**OS VALORES MÁIS SALIENTÁBEIS
DA ZONA HÚMIDA**

EDICIÓN E COORDINACIÓN : Departamento
de Medio Ambiente do Concello de Arteixo.

AUTORES DOS TEXTOS: Amadeo A. Pombo
Eirín, Xabier Varela Varela, José Antonio de Souza
Bazarra, Ricardo Ferreiro Sanjurjo, Victoria Valero e
Jorge Ramos Abuín.

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA: María Rozamontes.

ACUARELAS DA CAPA E CONTRACAPA:
Mariana Roura Sánchez.

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Eire

ILUSTRACIÓNS: Mariana Roura Sánchez (páxs; 1,
5,6,7,8,11,15,16c,17c, 18,21,22) e Roberto Vidal (páxs;
16a,b,17b,).

FOTOGRAFÍAS: Miguel López Caeiro (páxs; 12b),
Ricardo Ferreiro (páxs.,12a), Amadeo A. Pombo (páxs.,
3,4,11,13,15,17,19,24) e Jorge Ramos (páx., 8).

© Grupo Naturalista Hábitat, 2005
R/ Ángela B. de Soto, 20. Baixo
15080. A Coruña

Depósito legal: xxxx-2005

*Guía Ambiental da zona húmida de Sisalde. Os valores máis
salientábeis da zona húmida.*

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- . Jonsson, L. (1994). *Aves de Europa con el norte de áfrica y oriente próximo*. Ed. Omega.
- . Seo/BirdLife (1996). *Guía de las aves comunes en España*. Ed. Lynx.
- . *Guía das Aves de Galicia*. 2005. Ed. Bahía.
- . Barbadillo, L. J. 1987. La Guía de INCAFO de los anfibios y reptiles de la Península Ibérica, Islas Baleares y Canarias.
- . Barbadillo, L.J.; Lacomba, J.I.; Pérez-Mellado, V.; Sancho, V.; López-Jurado, L.F. 1999. INCAFO.
- . *Anfibios y reptiles de la Península Ibérica, Baleares y Canarias*. Ed. Geoplaneta.
- . Diesener G. & Reichholf, J. 1992. *Reptiles y anfibios*. Editorial Blume.
- . Galán, P. & Fernández-Arias, G. 1993. *Anfibios e réptiles de Galicia*. Edicións Xerais.
- . Galán, P. 1999. *Conservación de la herpetofauna gallega*. Situación de los anfibios y reptiles de Galicia. Universidade da Coruña, Monografía 72.
- . Chynery, M. 1988. *Guía de campo de las plantas silvestres*. Editorial Blume.
- . Preben, B. & Dahlstrom, P. 1999. *Huellas y señales de los animales de Europa*. Editorial omega.
- . Blanco, J.C. 1998. *Mamíferos de España, volúmenes I y II*. Editorial Geoplaneta.

Concello de Arteixo. Medio Ambiente

Tel: 981641817

Grupo Naturalista Hábitat

R/ Ánxela B. de Soto, 20, baixo. Apdo. de correos

805,15080, A Coruña

Tel: 981 135014

SEPRONA (Servizo de Protección da Natureza)

Tel: 981 745424

Servizo de Medio Ambiente Natural da Coruña

Praza de Luís Seoane, s/n- 5ª planta, 15008 A Coruña

Tel: 981 184654

Centro de Recuperación de Fauna Salvaxe

Santa Cruz de Liáns, Oleiros

15179 A Coruña

Tel: 981 626241



Escribenta das Canaveiras

Escribano Palustre


Emberiza schoeniclus

Localización	2
Como chegar	2
A zona húmida	3
Interese botánico	4
Invertebrados	7
Anfibios e réptiles	9
Aves de Sisalde	14
Mamíferos	19
Listaxe de especies	23
Enderezos de interese	24

Localización

A zona húmida ou Boedo de Sisalde, atópase dentro do Concello de Arteixo na costa oeste, tralo veciño areal de Barrañán estendéndose a ambos os lados do leito do río, e medrando na actualidade, sobre unha superficie de aproximadamente unhas 10 ha. Polo momento, carece dunha figura de protección legal, aínda que xa foi reclamada a de **Refuxio de Fauna** no pasado ano 2004.

Como chegar



Desde A Coruña pola estrada N-345 até Arteixo, e unha vez alí coller en dirección ao polígono industrial, despois deberemos seguir pola estrada que vai pola costa en dirección ao areal de Barrañán. Desde Carballo, pola estrada até Baldaio e desde alí pola da costa de Caión até Barrañán.

Listaxe de especies

Subliña as especies observadas na túa visita: ☒

Plantas

- ☐ Espadana *Typha latifolia*
- ☐ Salgueiro *Salix atrocinerea*
- ☐ Ameneiro *Alnus glutinosa*

Invertebrados

- ☐ Caranguexo vermello americano *Procambarus clarkii*
- ☐ Araña carangexo *Misumena vatia*
- ☐ Caracoliña de auga *Lymnaea stagnalis*

Anfibios e réptiles

- ☐ Ra verde *Rana perezi*
- ☐ Ra do monte *Rana temporaria*
- ☐ Pintafontes verde *Triturus marmoratus*
- ☐ Lagarto arnal *Lacerta lepida*
- ☐ Lagarta galega *Podarcis bocagei*

Aves

- ☐ Rascón *Rallus aquaticus*
- ☐ Cardeal *Pyrrhula pyrrhula*
- ☐ Miñato *Buteo buteo*
- ☐ Azor *Accipiter gentilis*
- ☐ Tordo Común *Turdus philomelos*
- ☐ Pombo *Columba palumbus*
- ☐ Andoriña *Hirundo rustica*
- ☐ Folosa das Canaveiras *Acrocephalus scirpaceus*
- ☐ Escribenta das Canaveiras *Emberiza schoeniclus*

Mamíferos

- ☐ Lontra *Lutra lutra*
- ☐ Visón *Mustela vison*
- ☐ Porco Teixo *Meles meles*
- ☐ Rato de campo *Apodemus sylvaticus*
- ☐ Esquío *Sciurus vulgaris*

A metodoloxía empregada na catalogación da comunidade de mamíferos da área de Sisalde baseouse en métodos indirectos, fundamentalmente en índices de presenza, sendo esta plausiblemente sinxela:

- Busca directa de indicios de presenza, tales como pegadas, excrementos ou restos de alimentación.
- Observación directa de individuos.
- Entrevistas a xente asidua da zona, como por exemplo pescadores.

Esquío ►
Ardilla roja
Sciurus vulgaris

De distribución ampla, ocupa a práctica maioría de Europa e norte de Asia. Na Península Ibérica presenta unha distribución discontinua. En Galiza na actualidade está presente en todo o territorio, consecuencia dun vertixinoso episodio de expansión natural acontecido nas últimas décadas. Trátase do máis arborícola dos mamíferos ibéricos, estando asociado a formacións arbóreas, tanto de coníferas como caducifolias ou mixtas. Atopouse no bosque de Sisalde.




Sisalde é un complexo mosaico de comunidades vexetais asociadas a medios húmidos de auga doce. Entre estas, destacan as pradarías húmidas ou encharcadizas (poboadas principalmente por diferentes especies de xuncos), os **salgueirais** de *Salix atrocinerea* e os **ame-neirais** de *Alnus glutinosa*, que medran arredor do leito do río e, por último o **carrizal** (formación monoespecífica de canas de *Phragmites australis*) que conforman un dos hábitats máis interesantes da zona, ao dar acubillo e alimento nas diferentes estacións do ano a unha ampla variedade de seres vivos, en especial a diferentes especies de aves acuáticas ligadas a estes medios.



Picaxuncos ▲
Buitrón
Cisticola juncidis

A continuación, describiremos os valores botánicos máis salientábeis de Sisalde, baseándonos en información parcial recollida durante o verán e o outono do ano 2003. É por isto, polo que debemos ter en conta que só se trata dunha idea meramente aproximativa da estrutura e composición da flora da zona. Unha análise máis polo miúdo da súa vexetación ao longo de todo o ciclo anual, medraría o interese da zona húmida. Identificáronse polo momento e a falla dun exame máis detallado, un total de 83 especies de plantas diferentes. Podemos

chegar a diferenciar no boedo de Sisalde de xeito principal até seis tipos de comunidades vexetais diferentes, que medran conformando seis diferentes tipos de hábitats. Destes, quizais os máis representativos deste espazo sexan os formados por densas manchas de carrizais de **Carrizo** *Phragmites australis* e as pradarías encharcadizas onde medran xuncos e plantas



Plantas de Carrizo *Phragmites australis*

As mostraxes de campo na área de Barrañán datan a presenza de 11 especies de mamíferos. A nivel de mastozoofauna, a principal riqueza do sistema de Barrañán é, ao noso xuízo, a presenza regular de **Lutra lutra**, mamífero asociado a ambientes acuáticos, ameazada en toda a súa área de distribución e incluída no anexo I da Directiva de Hábitats da Unión Europea, ademais de estar catalogada no Libro Vermello dos Vertebrados de España coa categoría de “Vulnerable”.



Porco Teixeira ▲

Tejón

Meles meles

Mustélido que se distribúe pola meirande parte de Europa e unha porción de Asia. Na Península Ibérica está presente en todo o territorio, ao igual que en Galiza. Ocupa unha variada gama de hábitats, sempre que lle ofrezan alimento e cobertura adecuada para situar as súas tobas. Catalogada en España como especie “Insuficientemente conocida”, sospetándose que as súas poboacións poden atoparse en declive.

Do total das 36 especies capturadas, case a metade foron especies consideradas como migradoras transaharianas, incluíndo o rexistro de especies globalmente ameazadas no continente europeo ou Raras na península Ibérica, respectivamente **Folosa Acuática** *Acrocephalus paludicola* **Folosa Políglota** *Acrocephalus palustris*.

Nome común	Nome científico
Andoriña Común	<i>Hirundo rustica</i>
Folosa das Xunqueiras	<i>Acrocephalus schoenobaenus</i>
Folosa das Canaveiras	<i>Acrocephalus scirpaceus</i>
Papuxa das Amoras	<i>Sylvia atricapilla</i>
Picafollas Musical	<i>Phylloscopus trochilus</i>
Picafollas Común	<i>Phylloscopus ibericus</i>
Chasca Norteña	<i>Saxicola rubetra</i>

Táboa onde se amosan as principais especies capturadas en Sisalde.

Os datos de anelamento sinalan ao boedo como un importante refuxio de dispersión postnatal para algunhas especies de aves ligadas a ambientes palustres. Este feito nótase especialmente nalgúñas especies, como por exemplo o **Rousinol Bravo** *Cettia cetti*, ou a **Escribenta das Canaveiras** *Emberiza schoeniclus*, que incrementan notabelmente o seu número de capturas unha vez finalizado o período reprodutor e comeza a época de dispersión postxuvénil. Tamén é salientábel a formación dun dormideiro comunal de **Andoriña Común** *Hirundo rustica* durante o período premigratorio, que concentra até varios milleiros de individuos a diario.

de pequeno tamaño adaptadas a soportar un alto grao de asolagamento. Asemade, o bosque de ribeira que medra xalonando o cauce do río Sisalde, formado principalmente por **Ameneiros** *Alnus glutinosa* e **Salgueiros** *Salix atrocinerea* completan os hábitats mellor representados do boedo. É especialmente salientábel na zona, unha formación de plantas acuáticas parecidas a un xunco coñecidas co nome de *Carex riparia* que se estenden aproximadamente sobre 3 ha. do espazo, e que forman unha das poucas e coñecidas masas desta planta en Galiza.



◀ ameneiro

Aliso

Alnus glutinosa

Árbore que forma o bosque de galería no curso de ríos e regatos.

◀ salgueiro

Sauce

Salix atrocinerea

Árbore pequena de porte arbus-tivo normalmente. Medra alí onde hai humidade.

orella de rato

Nomeolvides

Myosotis sp.

Herba anual que medra en lugares húmidos ou encharcados (boedos).



trevo de auga

Trébol de auga

Menyanthes trifoliata

Planta anual que medra en pozas, cursos lentos de auga doce, canais, prados húmidos, etc.



amenta de auga

Menta acuática

Mentha aquatica

Forte cheiro a menta, florece normalmente en zonas con alto grao de humidade.



flor do cuco

Flor del cuco

Lychnis flos-cuculi

Tapiza os prados húmidos na primavera de vivas cores.

espadana

Espadaña

Typha latifolia

Planta acuática de gran porte, que ás veces forma densas manchas.



aneis metálicos portadores dun código alfanumérico e un remite. As recuperacións de aves aneladas noutros lugares permiten establecer as rutas migratorias, e o estudo en man das aves (biometría, muda, condición física, etc.) axuda a coñecer as súas estratexias migratorias e outros aspectos da súa bioloxía; que na meirande parte dos casos son cruciais (e imposíbeis ou moi pouco probábeis de averiguar por outros métodos) á hora de determinar as súas estratexias de conservación.

Folosa polígota *Acrocephalus paludicola*, un ave "rara" en España e anelada no Sisalde.



Picapeixe *Alcedo atthis*



Lavandeira verdeal *Motacilla flava*, xa co anel na pata.





Especie altamente dependente de zonas húmidas con boas formacións de vexetación helofítica. “En Perigo de Extinción”.

Poboacións en acusado declive. O carrizal acolle 2 parellas reprodutoras.

Escribenta das Canaveiras
Escribano Palustre
Emberiza schoeniclus

Anelamento científico

O método máis exitoso e empregado no estudo da migración de passeriformes é o anelamento científico, e especialmente o realizado dentro de campañas cunha metodoloxía estándar e uns obxectivos definidos *a priori*. Por iso, as Estacións de Anelamento son fundamentais para abordar o estudo das poboacións e comunidades de passeriformes. O anelamento é especialmente importante en hábitats onde a estrutura da vexetación non permite a realización doutros tipos de censo. Trátase dun método inocuo de estudo que consiste na captura e individualización de aves silvestres mediante

Até o momento, puido constatarase a presenza de polo menos 33 taxóns pertencentes a 4 ordes diferentes entre os que salientan dun xeito especial o grupo das **bolboretas**- *Lepidóptera*-, **libeliñas**-*Odonata*- e **escaravellos**-*Coleoptera*-.



◀ **Vanesa**
Vanesa
Vanessa atalanta

Pavo real ▶
Pavo real
Inachis io



◀ **Chupaleite**
Chupaleche
Iphiclidis podalirius

Bolboreta da col ▶
Blanca de la col
Pieris brassicae



♀

Cabaliño do demo
Caballito del diablo
Calopteryx virgo



Tordo común ▶

Zorzal común
Turdus philomelos

En Galiza é especie con boa poboación reprodutora, recibindo aves invernantes procedentes de latitudes norteenas de Europa. Ocupa áreas con abundante cobertura arbórea e arbustiva, en zonas húmidas e sombreadas.



◀ **Ferreiriño Pequeno**
Carbonero garrapinos
Parus ater


En Galiza é especie ben distribuída. Ocupa áreas forestais, tanto caducas como de coníferas. Obsérvase comunmente no bosque de Sisalde ou no mesmo humidal ou boedo.



Cardeal ▶
Camachuelo Común
Pyrhula pyrrhula

Típica de bosques e fragas, sobre todo de árbores caducas. Aparece en Sisalde.





◀ Pomba

Paloma torcaz

Columba palumbus

Presente na zona durante todo o ano, onde cría de xeito abundante. Reprodúcese en masas forestais, e se

observa frecuentemente alimentándose en campos de cultivos e pastizais.

Andoriña común ▶

Golondrina Común

Hirundo rustica

Cara ao fin de verán existe no boedo un importante durmideiro premigratorio no carrizal, onde se contabilizan milleiros de exemplares.



◀ Folosa das Canaveiras

Carricero Común

Acrocephalus scirpaceus

Paseriforme asociado a ambientes palustres, que se distribúe polo Paleártico occidental e viaxa á África Subsahariana para invernar. No boedo de Sisalde existe unha interesante poboación reprodutora, que estimamos en 11-20 parellas.



Esta zona, así como a terra adherida a toda a *Costa da Morte*, trátase dun tramo costeiro demasiado termófilo e seco para que vivan nel especies tipicamente hidrófilas como a **lagarta de turbera** *Lacerta monticola*, pero non o suficientemente como para ser poboado por moitas especies mediterráneas, polo que constitúe unha “terra de ninguén” entre elementos faunísticos de ambas as orixes. Porén, non existe efecto barra e son numerosas as especies norteñas e mediterráneas que o poboan. Entre as especies meridionais atópanse elevadas densidades de **lagarto arnal** (*Lacerta lepida*) en rochedos e matorrais costeiros e unha boa representación de **cobra lisa meridional** (*Coronella girondica*), convivindo con **cobra lisa común** (*Coronella austriaca*). Salienta tamén a abundante presenza de endemismos noroccidentais ibéricos como o **pintafontes común** (*Triturus boscai*), a **ra patilonga** (*Rana iberica*) o **lagarto das silvas** (*Lacerta schreiberi*) a **lagarta galega** (*Podarcis bocagei*) ou outras como a **víbora de Seoane** (*Vipera seoanei*). As illas Sisargas posúen poboacións de **lagarta galega** de gran talla corporal, así como de **escáncer** (*Anguis fragilis*) e de **esgonzo común** (*Chalcides striatus*). Nas zonas húmidas do litoral, como as marismas de Baldaio, existen poboacións numerosas de anfibios, tales como **pintafontes verde** (*Triturus marmoratus*), **sapo corriqueiro** (*Bufo calamita*), **sapiño pintoxo** (*Discoglossus galganoi*), **rela** (*Hyla arborea*) ou **ra**

verde común (*Rana perezi*). Na zona de Barrañán ou área de Sisalde, podemos atopar os seguintes elementos da fauna de réptiles:

Nome común	Nome científico
Lagarto arnal-	<i>Lacerta lepida</i>
Lagarto das silvas -	<i>Lacerta schreiberi</i>
Lagarta galega -	<i>Podarcis bocagei</i>
Escáncer -	<i>Anguis fragilis</i>
Esgonzo común -	<i>Chalcides striatus</i>
Cobra Lisa Común -	<i>Coronella austriaca</i>
Cobra de Collar -	<i>Natrix natrix</i>
Cobra Viperina -	<i>Natrix maura</i>
Víbora de Seoane -	<i>Vipera seoanei</i>

Por outra banda, catalogáronse até o momento 6 especies de anfibios. Os encharcamentos entre as formacións do carrizal e sobre todo, os ríos, acequias, bancos riparios e herbazais, son os principais tipos de hábitat favorecidos para este grupo. As especies atopadas en Sisalde son as seguintes:

Nome común	Nome científico
Sapiño pintoxo-	<i>Discoglossus galganoi</i>
Ra verde común -	<i>Rana perezi</i>
Ra do monte -	<i>Rana temporaria</i>
Rela -	<i>Hyla arborea</i>
Pintafontes común -	<i>Triturus boscai</i>
Pintafontes verde -	<i>Triturus marmoratus</i>

As especies que a continuación aparecen, son algunhas das máis características do espazo.



◀ **Rascón**
Rascón europeo
Rallus aquaticus

Ave asociada a zonas húmidas con amplas superficies de vexetación palustre, que cría en España

anque en número descoñecido. En Galiza, ten unha distribución irregular, contando cunha importante poboación a nivel ibérico. É unha especie presente en Sisalde todo o ano, habendo unha interesante poboación reprodutora, que estimamos en non menos de 5-10 parellas.

Miñato ▶
Busardo europeo
Buteo buteo

Na zona, crían varias parellas, sendo frecuente observalas durante todo o ano, instalando o niño en parches arborados e pescudando alimento nas superficies abertas.



A modo de síntese, consideramos que os valores ornitolóxicos máis salientábeis deste enclave por orde de importancia, son os seguintes:

- Presenza dunha pequena poboación reprodutora de **Escribenta das Canaveiras** (*Emberiza schoeniclus*), especie catalogada recentemente como “En Peligro de Extinción”, cifrándose a súa poboación española en 239-399 parellas.

- Presencia dunha significativa poboación reprodutora de **Rascón** (*Rallus aquaticus*), ave acuática de distribución irregular en Galiza e península Ibérica, que manifesta tendencias poboacionais regresivas na meirande parte da súa área de distribución.

- Presenza dunha poboación estimada en 11-20 parellas de **Folosa das canaveiras** (*Acrocephalus scirpaceus*), passeriforme palustre, de distribución irregular na contorna do ámbito provincial e ligado a este tipo de hábitats para reproducirse.

- A existencia a finais de verán dun dormitorio premigratorio de **Andoriña Común** (*Hirundo rustica*) que concentra a varios milleiros de aves.

- Importancia da zona húmida para a invernada de *Emberiza schoeniclus* (subespecie europea).

- Importancia para a invernada de aves acuáticas como as becacas (*Gallinago spp*).

- Importancia como lugar de sedimentación no paso migratorio para diversas especies, especialmente migradoras transaharianas (*Acrocephalus scirpaceus*, *Sylvia communis*, *Phylloscopus trochilus*, etc.).

▽ Pintafontes verde Tritón jaspeado *Triturus marmoratus*

Esta especie non se considera como ameazada. Con todo, en virtude das ameazas e declives observados, debe realizarse un seguimento das poboacións para detectar unha posíbel regresión xeralizada da especie en Galiza.



Ra do monte ▽ Rana bermeja *Rana temporaria*



Especie endémica do noroeste ibérico. Aínda resulta relativamente común en zonas montañosas ou de marcado carácter atlántico do norte de Galiza, a pesar de todo, parece que se produciron importantes declives poboacionais en varios puntos de Galicia. Non existen datos do tamaño das poboacións desta especie en Galiza nin das súas tendencias.

◀ **Lagarta galega** **Lagartija de bocage** *Lacerta schreiberi*



Presenta coloración verdosa nos lagartos e parda nas lagartas, se ben esta varía ao longo do ano e coa condición dos individuos. Ocupa unha gran variedade de medios, menos ligada a rochas que outras lagartas, está presente desde areais costeiros e mato até a media montaña, moi abundante en construcións humanas: muros, construcións de pedra, etc.

◀ **Lagarto arnal** **Lagarto ocelado** *Lacerta lepida*



Lagarto de tamaño grande, de cabeza prominente e alta, aspecto xeral robusto, tronco máis ben cilíndrico, con fortes patas.

Cola de até dúas veces a lonxitude do corpo. Dorso verde e marelo con punteado escuro. Nos flancos presenta tres ou catro liñas de ocelos azuis, ventre branco uniforme. Bastante ubicuo, desde dunas areosas costeiras até ladeiras rochosas en serras.

A área de Barrañán, debido á su diversidade de medios ou hábitats, posibilita a existencia dun elevado número de aves diferentes. En todo caso, salienta en importancia o pequeno carrizal formado polo río Sisalde. De termos en conta a acusada degradación á que se viron sometidas as zonas húmidas na nosa comunidade nas últimas décadas, comprenderemos a enorme importancia para a diversidade que supón conservar os pequenos canaveirais destas características. Son moitas as especies de aves que dependen deste tipo de medios para algunha parte do seu ciclo vital, ben sexa para a cría, migración ou invernada. O número de especies detectadas durante o noso traballo de campo na zona (principalmente no ano 2003) foi dun total de 84, entre aves reprodutoras, migratorias ou invernantes.



Chasca común-**Tarabilla común** -*Saxicola torquata*